

QUE EU NON DARÍA POR UN SORRISO TEU

Que eu non daría por un sorriso teu,

¡Que eu non daría!

Que eu non daría por ver

os reflexos nos teus ollos

esbozados na alegría,

esclarecidos no mulido do sosego.

¡Que eu non daría!

Que eu non daría polo aspecto enteiro do teu rostro

invitándome de novo á vida,

na morada encendida que me eleva e me conmove

e que nunca se disipa.

¡Que eu non daría! polo teu sorriso, namorada e encendida.

Ri á miña beira,

lentamente entre prumas,

co sinxelo don misterioso,

lume de amor, primavera.

faiame aquela melodía aínda máis leda

que eu agardo baixo o sol,

coma os couselos nas pedras,

coas miñas penas en flor.

...Debúxame o teu sorrir que é regalo.

Non me deixes así triste,

anoitecido sen ver

na túa face o meu amparo.

*No reloxo da vida, a cada instante,
prodígame esa sorte que en ti vive,
bótame ese sorriso que ti sabes,
agora e sempre, a cada intre.*

Ri,

ri un pouco,

rite de min, de ti

ou de quen queiras, ...pero ri.

Camiña canda min, á miña beira,

baixo o enorme tellado das estrelas

neste mundo enmarañado que é un novelo

de fíos enredados, entre encantos, desencantos

¡cheo de pedras!

Amosa nesta noite a túa mirada acesa

que debuxa ese sorriso no crecente de lúa chea.

No crecente de lúa chea, ri.

Vírate a min coa cara leda que no aire,

a margarida, xa arrecende

co voar das bolboretas

que se aveñen ós mences

lentamente.

Lentamente ri,

anque só sexa un bosquexo

a túa face alegre.

Que ese aceno verdadeiro

é por sí un acto de amor,

signo de gratitude

xeneroso evocador

de novos soños,

¡bálsamo de tanta dor!

Ri,

e ri coa cor da primavera

que engalana

-de mil tonos pigmentada

cos seus precisos reflexos

cando agroman silandeiros-

o raiar do Sol no horizonte,

cando solitario rompe de vermello.

Que me chamen as campás xa a rebato

que, entre acacias e mimosas, eu devezo.

Vén na flor o teu sorrir

e vén na aurora

despuntando de marelo

anunciándonos o albor

e a vida nova

co seu néctar de ouro claro

estendendo unha oración.

Ri,

e faime flores

dos pasteiros e camposas

(non hai noite que as apague,

...pétalos de sonrosadas rosas)

que concentren as pingueiras dos orballos

que enfeitizan virxinais en tanto verde.

En tanto verde, ri.

Bótame ese teu sorriso manantío da fontella

que rebule entre os croios da ferverenza.

Polo día e no devalo,

cando advirte que se achega

co casoiro dos paxaros

no febreiro das candeas,

en remuíños algareiros

que se anuban no alto ceo por mancheas.

Por mancheas, pero ri.

Deixa entrever na túa boca

os teus bicos de alborada,

... ¡que prenda nos meus ollos a lumieira

tan preciada da esperanza!.

Ri,

e abre de verán o teu sorriso
como fan, no raiado de luz, os meus poxigos.

Quero presenciar

a tímue desnudez da túa pel
que me excita nos sentidos,
nas curtas noites dos enormes días, de cotío.

De cotío, ri.

Arrinca entre as calores deste río,
cauce e caudal que é a vida
e que vai de vagar, moi amodiño,
¡unque pasa tan axiña!

Bota, pois, a voar no aire da seara

os teus cabelos

debullados coma trigo
regalándome as fragancias
do pracer en tenros bicos,
con aromas e arrecendos,
perfumes namoradios.

Por iso ri.

Ri por moreas.

Quen nesta vida se enfada,
ignora que agranda as penas.

E as dores, que nunca dormen,

a todos pagan con perdas.

...Mais florean os couselos,

coitadiños,

entre as pedras.

Ri,

ri a cachón,

de parte a parte.

Rebenta co teu riso as desgracias

ata partires, nas cordas do corazón,

as mágoas.

Por iso, ri.

Bótame

ese sorriso que ti sabes

ese que vén

da lentura da terra,

do fondo oculto

da Chaira exacta,

das entrañas mesmas do teu ser,

da mesta fraga,

do berce dos océanos e mares,

dos ríos, das montañas,

das vagoadas que recollen,

caladiñas,

tantas bágoas

que van soas para as praias.

Lévame preso de ti entre eses beizos,
que eu ben sei que o teu sorriso
ten un máxico segredo:
nostálxico, nas néboas namoradas;
bretemoso, no delicado outono
que leveda no solpor e na espesura
das caídas follas pardas,
das biduieras, dos carballos
-onde o Miño é gran señor,
e entre vimbios e espadanas.
Pero ri.
Ri, se queres, as máis longas gargalladas
e déixame contemplar
por baixo do gris cincento,
do gris sombrizo e tristeiro,
as pérolas nacaradas
do teu sorrir.
Eu vou mirarte
entre as pólas, xa espidas,
que recrean a túa cara
nas pucharcas.
Por iso, ri. Estala cal relampo en treboada
cal se fose un timbal espreguizante
pra saírmos na outonía a campo aberto
¡ceo e terra, e mar por diante!.

*Mentres me eu mire ós teus ollos,
eu deixo que me leves
entre chuvias e tormentas,
que eu confío
no teu sorriso de sempre.*

*Marchou o Sol do horizonte
e na paisaxe,
dos contornos perfilados,
caen foleiras coma trapos.
Cobren todo,
todo en branco o decorado
deste inverno,
e abáfame recordalo.*

*Por iso, ri.
Trae o alento que deleita ese sorriso
Dáme a gracia e o donaire,
do fardel o teu regalo,
que desperte das ausencias
con salaios de saudade
e irmos ó fogar, onda á lareira,
á arrogancia dun bo lume
alí agardo.*

Pero ri.

Bótame o teu sorriso enteiro,

e núa abre a alma

en albas luminosas

de limpas e amantiñas sabas.

Descúbrete inxel

na neve branca.

Suave e mol

como arxila inmaculada,

caolín fino e albar

da louza, da porcelana

e ri.

Viste de carne o teu espido corpo

no veludo de seda garimosa

morna e mansa.

Ceibes de culpas e medos

ri comigo ata fartarmos

e contáxiame o teu sorriso

co seu enérxico encanto

con ese sopro divino

misteriosamente humano

que como o pole vizoso

só fecunda ó espallalo.

*....Baixo o ceo das estrelas
neste mundo enmarañado,
no camiño cheo de pedras,
encantos e desencantos,
ri comigo, á miña beira,
aunque nada máis teñamos.*

*Éncheme tanto silencio
de sorrisos estrelados
e alomenos, ti e mais eu,
celebremos e riamos
ó pé do lume, na casa
cos teus ollos alumando:*

*Cauce será o teu sorrir
e un corpo destino doutro
para chegar ó encontro
e xuntos sobrevivir.*

Por iso, só por iso: ¡ri!.